



DATOS IDENTIFICATIVOS

Economía internacional

Materia	Economía internacional			
Código	V03G100V01702			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Castro Fernández, Ana Esther Teixeira Bautista, José Francisco			
Profesorado	Castro Fernández, Ana Esther Teixeira Bautista, José Francisco			
Correo-e	teixeira@uvigo.es esther@uvigo.es			

Web

Descrición xeral	Nos últimos anos veñen producindo profundos cambios na orde económica internacional. O coñecemento da súa dinámica desde o período inmediatamente posterior ao final da II Guerra mundial resulta fundamental para coñecer as claves explicativas dos acontecementos económicos que estamos a vivir. Nesta materia analízase a evolución das macromagnitudes das principais economías desenvolvidas e das súas políticas económicas, da orde comercial e monetaria. Ademais, de forma paralela ao desenvolvemento dos temas comentados, o alumno realiza un seguimento da conxuntura económica internacional.
------------------	---

Competencias

Código	
CG2	Competencias ligadas á procura e organización de documentación e á presentación do seu traballo de maneira adecuada á audiencia
CG4	Autocontrol no sistema de traballo, a respecto de tempo e planificación
CG5	Fomentar a mobilidade e adaptabilidade a ámbitos e situacións diferentes
CG6	Capacidade de xerar reflexións propias sobre problemas de natureza económica e os seus efectos sociais e éticos
CG7	Fomentar o espírito investigador, desenvolvendo a capacidade para analizar problemas novos cos instrumentos adquiridos
CE3	Coñecer o marco institucional da economía
CE4	Capacidade para situar a economía na súa evolución histórica
CE5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CE9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
CE13	Capacidade de elaborar informes de asesoramento económico
CT2	Capacidade de traballar en equipo
CT4	Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
O alumno coñece o marco institucional da economía	CE3
O alumno é capaz de situar a economía na súa evolución histórica	CE4
O alumno comprende as bases de funcionamento da economía.	CE3 CE4 CE5

O alumno é capaz de identificar e interpretar fontes de información económica relevante e o seu contido	CG2 CG4 CG5 CG6 CG7	CE3 CE4 CE5 CE8 CE9	CT4
O alumno sabe identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado	CG6 CG7	CE3 CE4 CE5 CE8 CE9	CT5
O alumno é capaz de argumentar de forma coherente e intelixible, tanto oral como escrita			CT5
O alumno organiza a documentación e presenta o seu traballo de maneira adecuada á audiencia	CG2 CG4 CG7	CE3 CE4 CE5 CE8 CE9	CT2 CT4 CT5
O alumno é capaz de elaborar informes económicos	CG2 CG4 CG5 CG6 CG7	CE5 CE8 CE13	CT4 CT5 CT7
O alumno é capaz de expor reflexións propias sobre problemas de natureza económica e os seus efectos sociais e éticos	CG5 CG6 CG7	CE3 CE4 CE5 CE9	CT5 CT7
O alumno é capaz de analizar problemas novos cos instrumentos adquiridos	CG4 CG5 CG6 CG7	CE9	CT5

Contidos

Tema	
Introdución á economía internacional	Conceptos básicos de economía internacional Integración económica e monetaria
Grandes ciclos económicos	Dos inicios do capitalismo á globalización
Evolución do marco comercial e monetario	O patrón ouro. A desorde monetaria de entreguerras. O período de vixencia dos acordos de Bretton Woods. O período da flotación xeneralizada dos tipos de cambio. A experiencia da UME.
A conxuntura económica internacional	Do GATT á OMC. Principais macromagnitudes. Decisións de política económica. Opinións de expertos. Informes de organismos económicos internacionais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22	45	67
Seminario	5	8	13
Prácticas con apoio das TIC	8	15	23
Aprendizaxe colaborativa	8	15	23
Flipped Learning	7	15	22
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo/a estudante.
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos nun contexto determinado e de adquisición de habilidades básicas e procedementais en relación coa materia, a través das TIC.
Aprendizaxe colaborativa	Organización da clase en pequenos grupos onde o alumnado traballa de forma coordinada entre si para desenvolver tarefas académicas e afondar na súa propia aprendizaxe.

Flipped Learning	Algunhas actividades de aprendizaxe realizaranse fora da aula e, coa presenza do/a docente, levaranse a cabo actividades que impliquen o desenvolvemento de procesos cognitivos de maior complexidade.
------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	As clases prácticas, do mesmo xeito que as titorías en grupo realizadas a través de seminarios, teñen como obxectivo axudar ao alumnado a consolidar os coñecementos adquiridos nas clases teóricas. Ademais, permiten ao profesorado orientar aos/ás estudantes e resolver as dúbidas que poidan xurdir no proceso de aprendizaxe.
Prácticas con apoio das TIC	As prácticas teñen como obxectivo axudar ao alumnado a consolidar os coñecementos adquiridos nas clases teóricas. Ademais, permiten ao profesorado orientar aos/ás alumnos/as e resolver as dúbidas que poidan xurdir no proceso de aprendizaxe.
Aprendizaxe colaborativa	O traballo en grupo, coa orientación do profesorado, permítelle ao alumnado ser responsable da súa aprendizaxe e, á vez, a facilitar a aprendizaxe aos seus/súas compañeiros/as. O profesorado supervisa a asignación de tarefas e as discusións teóricas entre os membros do grupo para garantir un bo resultado final.
Flipped Learning	Coa metodoloxía Flipped Learning, o profesorado guía e facilita os procesos de aprendizaxe, retroalimenta o desempeño dos equipos de traballo e ao alumnado individualmente, e xenera espazos para a coavaliación e a autoavaliación.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Prácticas con apoio das TIC	Valorarase a participación nas clases, a participación nos foros de discusión, os exercicios, cuestionarios e calquera outro traballo que se propoña nas clases prácticas.	15	CG2 CG4 CG5 CG6 CG7	CE3 CE4 CE5 CE8 CE9	CT2 CT4 CT5 CT7
Aprendizaxe colaborativa	Valorarase a participación nas clases, os resultados do traballo en grupo e a implicación co mesmo.	15	CG2 CG4 CG5 CG6 CG7	CE3 CE4 CE5 CE8 CE9	CT2 CT4 CT5 CT7
Flipped Learning	Valorarase a participación nas clases e os resultados do traballo realizado.	10	CG2 CG4 CG5 CG6 CG7	CE3 CE4 CE5 CE8 CE9	CT2 CT4 CT5 CT7
Exame de preguntas obxectivas	Realizaranse exames con preguntas obxectivas baseadas no temario da materia. Os/as alumnos/as deben mostrar un nivel adecuado de coñecementos para superar a materia.	60	CG4	CE3 CE4 CE5 CE9	CT5 CT7

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado pode elixir entre seguir un sistema de avaliación continua ou ben presentarse a un único exame final. Neste último caso, terá que demostrar que adquiriu as competencias esixidas na materia, do mesmo modo que se seguira un proceso de avaliación continua. Tanto co proceso de avaliación continua como co exame final poderase obter o 100% da cualificación.

Os/as alumnos/as que renuncien ao sistema de avaliación continua deberán comunicarllo á persoa coordinadora da materia nas primeiras semanas do cuadrimestre (unha vez iniciadas as clases prácticas).

- No proceso de avaliación continua terase en conta o resultado das actividades desenvolvidas ao longo do curso e o resultado da proba teórica realizada. As actividades das clases prácticas ponderan un 40% do total da materia. A proba relativa aos contidos teóricos pondera o 60% do total da materia. Por necesidades de organización docente, a proba teórica poderase realizarse na mesma data que o examen final oficial da materia.
- Para superar a materia polo sistema de avaliación continua esíxese unha cualificación superior a 4 puntos sobre 10 en cada unha das probas correspondentes á docencia práctica coma nas probas correspondentes á parte teórica. En

calquera caso, para superar a materia, a nota media ponderada destas distintas probas ha de ser igual ou superior a 5 puntos sobre un total de 10.

- A cualificación obtida nas prácticas, para aquel alumnado que o solicite, manterase até a segunda convocatoria.
- Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudantado poderá optar a ser avaliado cun único exame final que suporá o 100% da cualificación. O exame dividirase en dúas partes: unha de contidos relativos ás clases teóricas e outra de contidos relativos ás clases prácticas. A parte teórica ponderará o 60% do total; a parte relativa ás prácticas ponderará o 40% do total. Isto tamén será de aplicación na segunda convocatoria. Para superar o exame esíxese unha nota mínima de 4 puntos sobre 10 en cada unha das partes. En calquera caso, para poder superar a materia, a nota media ponderada das distintas partes do exame ha de ser igual ou superior a 5 puntos sobre 10.
- Na convocatoria de Fin de carreira o exame suporá o 100% da cualificación.

Os exames realizaranse nas datas oficiais establecidas polo órgano responsable. Poden consultarse na páxina web da Facultade de CC. Económicas e Empresariais: <http://fccee.uvigo.es/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Castro A.E. y Teixeira, J.F., **Luces y sombras de las uniones económicas**, RBA, 2017

Krugman, Paul .; Obstfeld, Maurice, **Economía internacional: teoría y política**, Pearson Educación, 2016

Bibliografía Complementaria

Acemoglu, D. yj. Robinson, **Por qué fracasan las naciones**, Ediciones Deusto, 2014

Aranda, E. Pérez Moreno, S. y Sánchez Andrés A. (coord.), **Política económica y entorno empresarial**, Pearson, 2017

Blanchard, O. et al., **Redesigning EU rules. From rules to standards**, Economic Policy, 2021

Karier, Thomas, **Great Experiments in American Economic Policy. From Kennedy to Reagan**, PRAEGER Westport, Connecticut, 1999

Krugman, Paul, **El Retorno de la Economía de la Depresión y la Crisis Actual**, Prentice-Hall, 2009

Maddison, Agnus, **The World Economy: a millennial perspectiva**, OECD, 2001

Ochando, C. (coord), **Objetivos e instrumentos de las políticas económicas coyunturales**, Tirant lo Blanch, Valencia, 2021

Querol, F (coord), **De quelques aspects de l'Union économique et monétaire européenne**, Presse de L'Université Toulouse 1 Capitole,

Rodrik, D., **La paradoja de la globalización**, A. Bosch Editor, 2012

Banco Central Europeo, <https://www.ecb.europa.eu/home/html/index.en.html>,

Banco Mundial, www.worldbank.org,

Fondo Monetario Internacional, www.imf.org,

Organización Mundial del Comercio, www.wto.org,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia: Historia económica/V03G100V01103

Macroeconomía I/V03G100V01503

Macroeconomía II/V03G100V01604

Política económica/V03G100V01504

Políticas económicas comparadas/V03G100V01605

Outros comentarios

Nesta asignatura converxen os coñecementos adquiridos nas asignaturas de historia económica, teoría económica e política económica.

É altamente recomendable a asistencia ás clases teóricas e ás clases prácticas (adaptándose ás circunstancias do momento; é dicir, de forma presencial ou virtual segundo establezan as autoridades académicas)